

MOURE DE OTEYZA, María (2020): *María das herbas. E as herbaxeiras do Caurel. Crónica da Cultura Popular dunha Terra Extraordinaria. Etnomedicina e retrincos de Etnografía Xeral (Lendas, Refráns, Ritos ancestrais...)*. [Santiago de Compostela]: Teófilo Edicións, 316 pp.

Soubemos de María Moure de Oteyza en 2016, co gallo da IX Xornada de Literatura de Tradición Oral (organizada pola Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), cando este libro era un proxecto prometedor. Xa que logo, temos que alegrarnos porque esta publicación vén sumarse a outras, de ámbito galego, sobre plantas medicinais como son as de Pilar Antelo Docampo e Xaquín Penas Patiño (1993), Antonio Rigueiro Rodríguez, Rosa Romero Franco, Francisco Javier Silva-Pando e Enrique Valdés Bermejo (1996) ou Afonso Rodríguez González, Víctor López Román e Marisa Castro (2008).

Tal e como se indica no título, estamos ante unha obra que pretende amosar a cultura popular do Courel, monumental obxectivo e por iso –segundo a autora manifesta– este é o primeiro volume dunha triloxía que pretende atender a tal finalidade.

Ademais das citas iniciais (de J. M. Giráldez, Manuel María e Uxío Novoneyra) e da dedicatoria ás mulleres e homes do Courel, a obra abre cos agradecementos, continúa cun limiar de Felipe-Senén, un prólogo, 13 capítulos centrados na zona obxecto de estudo e conclúe cun epílogo e coa bibliografía empregada.

En “O meu agradecemento” (pp. 13-18) a autora, farmacéutica de formación e tradición, agradece ás persoas e entidades que a apoiaron con palabras e/ou feitos dende o seu nacemento ata facer realidade o libro que recensionamos. Agradecemento que tamén fai extensivo a quen non a apoiou e a nós como persoas lectoras.

O limiar de Felipe Senén, “Limieira a un herbolario caurelá e de saberes de menciñeira” (pp. 19-22), remite á interacción entre a paisaxe e a paisanaxe, ao noso fondo sentido panteísta e á nosa relación coa medicina herbal dende a prehistoria. Sobre este vínculo histórico recorda o autor do prólogo a tradición dos

herbolarios nas boticas monacais e sitúa nesa liña o herbolario de María Moure localizado no Courel. Por outra parte, o prologuista fai un percorrido por estudiosos galegos que se ocuparon dos remedios máis ou menos máxicos ata a súa propia observación participante.

O “Prólogo” (pp. 23-30) de María Moure comprende tres subapartados: “Xustificación da obra e contido”, “As orixes” e o “Camiño do Caurel”. En canto ao primeiro aspecto, o volume contén un “catálogo, con mais de 200 remedios aplicados ás persoas e outros tantos ós animais” (p. 23) e preséntase como “un ensaio novelado”, sendo o papel da investigadora “o de espectadora nunhas ocasións e de participante noutras, na Serra de O Caurel (chámolle así, Caurel, con A, porque é así como lle chamaban os seus habitantes)” (p. 23).

En canto aos obxectivos, a ensaísta expón que a súa intención foi “mostrar a cultura popular do territorio de forma amena, entretida, que sexa de fácil lectura sen renunciar ó elemento científico” (p. 24) para un grupo de destinatarios moi amplo “todas as persoas, independentemente da súa idade, do seu entorno vital e do seu grado de formación. Empezando polos protagonistas do meu traballo: os habitantes do Caurel” (p. 24).

A esa razón obedece a decisión da autora de transcribir literalmente, e con respecto dados os lazos de afecto establecidos, na fala courelá toda a información recompilada. Tamén aclara os seus antecedentes na etnobotánica da zona, en concreto, o ensaio de Emilio Castro.

Por outra parte, a investigadora destaca elementos sorprendentes da recolla efectuada aos informantes, así como os debuxos procedentes da súa nai e os cambios rexistrados co paso do tempo que se resumen na falta de transmisión interxeracional de saberes.

Nos subapartados “As orixes” e “Camiño do Caurel” María Moure lembra o seu pasado

na aldea (infancia en Carballo, gusto polos animais e polos documentais de Félix Rodríguez de la Fuente...), os estudos de Farmacia, as lecturas e as investigacións posteriores que poderían culminar na elaboración dunha tese de doutoramento sobre o uso tradicional das plantas medicinais no Courel. Con todo, as diversas xestións derivadas da escolla dese tema de tese víronse truncadas por varias interrupcións laborais e vitais ata a súa volta ao Courel anos despois. Talvez todas estas circunstancias motivaron que a investigación non acabase nun título académico máis (o de doutora) e si nun libro de divulgación coma este que recensionamos e mais en numerosos cursos impartidos e recibidos na terra courelá.

Consideramos primeiro capítulo aquel titulado “Introducción” por canto se profunda, tal e como se indica nos subtítulos, na “Localización e medio físico. Paisaxe, actividade humana, poboación” (pp. 31-37), é dicir, na situación xeográfica e administrativa do Courel, na presentación das rochas, das árbores e da flora e nas causas desa riqueza. Unha mostra é o dato aproximado de que “o 40% da Flora total galega está representada no Courel, constituída por unhas 900 especies de plantas vasculares pertencentes a 82 familias e mais de 400 xéneros” (p. 34).

Esa riqueza foi aproveitada polos e polas habitantes da Serra do Courel pois estamos ante un territorio fortemente humanizado, tal e como indica a autora ao presentarnos os cultivos e a poboación.

O segundo capítulo titúlase “Metodoloxía” e nel profúndase, tal e como explicitan os subtítulos, no “Ponto de partida do traballo de campo. Área de estudo. Etapas do traballo de campo. Material. Tempo de permanencia na zona. Os informantes. As entrevistas. Identificación das especies botánicas. As fotografías. Cuantificación da información. Bibliografía” (pp. 39-57).

O subapartado “Ponto de partida do traballo de campo e a base do estudo” informa de cando comezou o traballo de campo (isto é, abril de 2003), aínda que previamente a investigadora fixera excursións e cursos que lle permitiran o contacto científico e técnico coa terra courelá. Reitera a autora, ademais, que o libro do biólogo Emilio Blanco foi a base do seu estudo e indica outra literatura científica manexada sobre o tema.

En canto ao subapartado da “Área de estudo: concellos”, apúntasenos que esta área se

estendeu a todo o concello de Folgoso (coa indicación exacta das parroquias e aldeas) e aos lugares representativos dos concellos limítrofes “Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Quiroga, O Incio, Pobra de Brollón e León” (p. 42).

Con respecto ás “Etapas do traballo de campo”, como xa se nos foi adiantando, a primeira transcorreu dende abril de 2003 ata abril de 2004. A segunda foi discontinua e transcorreu entre abril de 2011 e agosto de 2014 en fases de pequenas estadias na primavera e no verán e coas interrupcións explicadas no prólogo.

O afán científico da recompiladora leva a que se especifique noutras subseccións o material empregado durante as fases de recollida, a duración, a selección de informantes e os seus tipos segundo a etnobotánica e outras disciplinas, o enfoque das entrevistas e a maneira de ampliar a información, o método de identificación das especies botánicas e a elaboración das fotografías e das ilustracións.

O subapartado de “Cuantificación da información” condensa o indicado sobre os/as 198 informantes; as 350 entrevistas desglosadas por tipos, concellos, idades, sexos e sobre os 176 grupos taxonómicos de plantas medicinais recollidas. Destes, 54 plantas ocupan o presente tomo (35 de uso común para animais humanos e non humanos, 16 de uso humano e 3 de uso non humano) e compáranse coas recollidas por Emilio Blanco. Outra posible distinción é entre plantas máis populares ou coñecidas segundo a apreciación dos/as informantes, plantas máis apreciadas ou valoradas e plantas panacea (con máis de 6 propiedades). Aínda é posible identificar unha serie de plantas de uso máxico-medicinal.

O capítulo terceiro, “Sistemática das patoloxías” (pp. 59-66), subtitúlase segundo os 3 subapartados que imos encontrar no seu interior. Ao inicio preséntanse os grupos taxonómicos vexetais avogosos para as diferentes patoloxías clasificadas por aparatos ou sistemas: afeccións dermatolóxicas, aparato cardiovascular, aparato dixestivo, metabolismo, aparato respiratorio, aparato xénito-urinario, sistema músculo-esquelético, sistema nervioso, órganos dos sentidos e outros.

Por outra parte, engádense as plantas máis utilizadas na veterinaria popular en grupos terapéuticos e, por último, inclúense 2 plantas medicinais tóxicas para os animais: a papoula e o cálsamo.

O capítulo 4 ocúpase da “Sistemática dos tratamentos” (pp. 57-71), é dicir, como indican os subtítulos, das partes da planta utilizadas, dos modos de emprego e da posoloxía. En canto ás partes da planta, esta pode ser usarse enteira ou en cada un dos seus constituíntes. Variedade tamén no que ten que ver cos modos de emprego e a posoloxía. Detense a especialista na veterinaria popular, pois, a pesar de que a administración e os modos de emprego son similares aos dos humanos e humanas, tamén hai casos particulares que se salientan.

O capítulo 5, titulado “Falan as persoas do Courel”, está protagonizado polas persoas courelás e afóndase nos seus “Chistes, curiosidades e anécdotas. Sucesos, historias e lendas. Frases e comentarios. Frases feitas, ditos e refráns. *Pullas* (adiviñas)” (pp. 73-84).

Iníciase o capítulo recordando a chegada da autora ao Courel en 2003 e o procedemento de recolla de información andando “unha media de 8-12 kms. diarios” (p. 76). A continuación ofrécese a subsección de “Chistes, curiosidades e anécdotas” na que se desenvolven remedios infalibles (para os calos, por exemplo) e achega testemuños sobre o “colocón vacún” provocado polas papoulas.

A seguinte subsección (“Sucesos, historias e lendas”) conta feitos relacionados coas doenzas, coas herbaxeiras, co dentón do centeo... Continúase con “Frases e comentarios” que os/as informantes relacionan coas plantas medicinais, comparan a medicina convencional coas plantas medicinais, comentan a desaparición das plantas curativas, confrontan o tempo pasado co presente, indican a opinión das novas xeracións sobre as plantas medicinais, reflexionan sobre a vida (maiormente a saúde) e vinculan as abellas coa medicina, pois estes animais “queren flor de herba medicinal” (p. 83).

O penúltimo subapartado céntrase nas “Frases feitas, ditos e refráns” sobre elementos naturais e a saúde e o último expón as “*Pullas*” ou adiviñas relacionadas coa natureza.

O sexto capítulo é dos máis interesantes ao noso entender. Titúlase “Uso máxico-medicinal. Os encoutos” (pp. 85-99) e nel recupéranse os encoutos ou coutos, é dicir, “rituais que se levan a cabo pra curar a doenza ou malestar dunha persoa ou animal” e que “consisten en pronunciar ensalmos de contido xeralmente relixioso e acompañalos de determinadas accións” (p. 87). Este tipo de rituais son empregados para curar no Courel as “cocas” ou lombrigas, a herpe, as lilas ou aftas bucais, os “orellois” ou parodite, a

pezoña de animal, as queimaduras, os tirizós, as “vorrugas” e as escordaduras. Outras doenzas non necesitan ensalmo como ocorre coa paletila ou estómago caído e co ritual para namorar.

En relación coa pezoña preséntase un obxec-to moi especial para “cortar” a doenza como é o “elicornio”. Outros utensilios con poderes máxicos son aqueles de metal, as fontes... Non falta a alusión a unha figura esencial como é a do responsador que, se ben na recolla presentada non parece utilizar palabras, noutras investigacións (Lisón Tolosana 1981) posúe variedade de poderosas oracións.

Entre os encoutos para animais recóllese o couto do cangado ou atragoado, o couto da pezoña, o da piaña ou pedelo (infección) e o da ra ou escaravello negro. Como casos particulares cítanse a vaca embruxada, os vultos (que se curan cambiando o nome do animal) e para evitar o aborto.

O capítulo 7, denominado “Etnografía xeral”, retoma a información sobre “Chistes, curiosidades e anécdotas. Frases e comentarios. Cancións. Expresións e frases feitas. Ditos e refráns. *Pullas* (adiviñas)” (pp. 101-112). En palabras da recompiladora, “Trátase de información adicional que me aportaron espontaneamente os meus informantes (...) e que completan e enriquecen a obra aportando frescura e humor nuns casos, inxenio e beleza noutros” (p. 103).

O primeiro subapartado deste sétimo capítulo, “Chistes, curiosidades e anécdotas”, á súa vez divídese segundo o lugar e as persoas protagonistas: “na escola” (mostra situacións nas que a escola non atendía á realidade lingüística galega), “polo camiño adiante” (refire contos de enganados), “con la iglesia hemos topado!” (recole contos de curas) e “varios” (inclúe ditos, xogos de palabras e contos).

O seguinte subapartado “Frases e comentarios” aborda “A estreita relación do Home ca Natureza” con textos relativos a crenzas, animais, tempo atmosférico; reflicte os cambios “Antes e agora” na opinión dos/as informantes e a súa “Filosofía de vida” con anécdotas cotiás.

“Cancións” é o subapartado que vén a continuación e organízase en función do momento da canción (“Panxoliñas”) e a temática (emigración, amor e matrimonio, sátira e outros), ademais dunha oración.

O penúltimo e o último subapartado recollen expresións, frases feitas, ditos e refráns relacionados co tempo, co calendario... e tamén adiviñas vinculadas coa natureza.

O capítulo 8 está dedicado ás persoas informantes (pp. 113-122) e así se titula. Tras reiterar a distinción entre informantes chave e xerais, agora ofrécense os seus nomes e imaxes, así como unha lembranza para os falecidos e falecidas.

O capítulo 9 é a continuación do anterior, pois estamos ante unha “Reseña dos informantes chave do concello de Folgoso (o Caurel Alto)” (pp. 123-167). A autora vai presentando cada unha das máis de vinte persoas informantes e achega a información recompilada sobre as herbas curativas e outros comentarios de interese (historias, costumes, crenzas, creación literaria...). É o caso de Virginia González Gancedo (de Seoane) que se nos descobre como unha poeta e perspicaz observadora (repárese, por exemplo, nas súas sentenzas sobre o sangue e o Sintrom ou sobre o alzhéimer).

O seguinte capítulo, “Reseña dos informantes chave do concello de Folgoso (o Caurel Baixo)” (pp. 169-183) ocúpase dos restantes 6 informantes. Ademais dos seus nomes, fotos e saberes, amósansenos as súas preocupacións (caso dos incendios forestais).

No capítulo 11, titulado “O hongo” (pp. 185-192), asistimos con María Moure ao achado dun elemento curativo tan sonado que mesmo puxo letra a unha cantiga courelá cantada co ritmo da Rianxeira. Este elemento natural ao que nos imos achegando a medida que a autora descobre de que se trata, actualmente coñecido por ser bebida da realeza, é a Kombucha.

O capítulo 12, “Sistemática dos resultados” (pp. 193-199), vén explicado nos 4 subtítulos de cada subapartado. Así, o subapartado da “Triloxía curiosa” céntrase en tres elementos de medicina verde: “auga apanada”, “auga enmelada” e “cunca freixal”, é dicir, auga con pan de centeo, auga con mel e cunca de freixo con propiedades salutíferas ou participantes nalgún rito.

En canto ao subapartado “Patoloxías con nome propio e plantas utilizadas para curalas” comprende diferentes doenzas de persoas ou animais. Tamén no subapartado “Preventivos” se indican plantas para un uso previo en persoas e animais.

O último subapartado arredor do sangue comprende expresións baseadas no elemento sanguíneo como metáfora para referirse a adelgazar, baixar o colesterol, producir anemia, efecto antitrombótico... Trala explicación da metáfora (“rebaixar a sangue”, “cambiar a sangue”) engádesse a correspondente planta curativa para animais humanos e non humanos.

No derradeiro capítulo expónse o “Catálogo” (pp. 201-308) de plantas curativas segundo sexan herbáceas silvestres ou silvestres non herbáceas. Este capítulo tan extenso necesita unha aclaración preliminar para explicar como se distribúe a información dentro do catálogo. De tal maneira que cada entrada vai co nome da planta no Courel, o lugar de recolla da denominación e o nome científico. A seguir engádense testemuños, un apartado de etnoecoloxía, datos de léxico, vocabulario aclaratorio, curiosidades, advertencias, observacións, outros usos, lendas, refráns, ditos, adiviñas, preparación, toponimia, cancións... Ademais, a investigadora compara a súa información coa ofrecida por outros especialistas, explícanse as partes utilizadas, os usos, os modos de emprego e a dosificación para animais humanos e non humanos.

O libro remata cun “Epílogo” (p. 311) ou imaxe onírica dun encontro da autora coa Serra do Courel (e a petición desta para que se escriba o aprendido) e coa “Bibliografía” (pp. 313-316).

En conclusión, estamos ante un ensaio necesario (con pequenas reiteracións evitables), fermosamente editado e agardamos os seguintes volumes da anunciada triloxía. Todos eles manterán viva a memoria do Courel nun tempo en que medio humano e medio natural perigan polo despoboamento, tal e como lle explicaba recentemente María Moure a Lois Alcayde (2021: 48):

«O despoboamento está a afectar moito o Courel, é un arma de dobre fio, a pesar de que a zona está a recibir un turismo bastante respectuoso co medio. O feito do despoboamento afecta as plantas, xa que están avasaladas polas xestas». Xa non hai animais domésticos como cabras, ovellas «para ramonear todo aquilo» (...) «A maleza medra, polo que xa non é tan doado atopar as plantas medicinais».

## Referencias bibliográficas

- Alcayde Dans, Lois (2021): “Entrevista con María das Herbas, a muller que preguntaba por plantas no Courel”, *Luzes da Galiza* 98, pp. 44-49.
- Antelo Docampo, Pilar e Xaquín Penas Patiño (1993): *As plantas medicinais*. Vigo: Ir Indo.
- Lisón Tolosana, Carmelo (1981): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Madrid: Akal.
- Moure de Oteyza, María (2016): “Uso das plantas medicinais no Caurel: Tradición e cultura popular”, en *Actas da IX Xornada de literatura tradicional. Remedios, prácticas e ritos curativos de medicina popular tradicional*. A Coruña:

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pp. 13-21.

Rigueiro Rodríguez, Antonio; Rosa Romero Franco, Francisco Javier Silva-Pando e Enrique Valdés Bermejo (1996): *Guía de plantas medicinais de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez González, Afonso; Víctor López Román e Marisa Castro (2008): *Plantas medicinais de Galiza*. Vigo: A Nosa Terra.

Ana Acuña Trabazo  
Universidade de Vigo  
ganime@uvigo.es